



Comeza un curso marcado polo inmovilismo da Consellaría, o despido de máis de 400 docentes interinos e a perda de poder adquisitivo do profesorado galego

A CIG Ensino denuncia que este colectivo pasará a facer substitucións ou irá directamente ao paro despois de que a Consellaría convocara oposicións sen ter en conta a súa situación e a previsión de xubilacións.

O curso arranca tamén co peche de 74 aulas en infantil e primaria e lastrado polo peor acordo salarial dos últimos anos, asinado só por dous sindicatos e pechado pola porta de atrás nos despachos da Consellaría, que non impedirá seguir perdendo poder adquisitivo. A Xunta negase a reducir a xornada lectiva docente e mantén os descontos por enfermarse, as materias afíns sen regulación, a alta provisionalidade e a falta de transparencia nos concursos de traslados e na adxudicación de destinos.

Sen novidades sobre a LOMCE

Tras a reunión a finais de xullo co novo equipo ministerial parece moi pouco probábel que vaiamos ver cambios na actual LOMCE. De momento non se viron movementos que indiquen que se pretende legislar nese sentido. A estratexia do PP de manter inalterada a estrutura da peor lei educativa desde a morte do ditador veríase respaldada se non se producen cambios canto antes á hora de derrogar a LOMCE. Probas externas, elección antidemocrática das direccións, relixión no currículo



con valor académico, centros integristas financiados con fondos públicos...

Retribucións

O curso comeza lastrado no aspecto retributivo polo **peor acordo salarial dos últimos anos para profesorado galego** asinado só por dous sindicatos, convertidos xa en auténticas máquinas de asinar acordos nas condicións que sexa aínda que supoñan unha traizón ao profesorado. Un acordo pechado nos despachos e que demostrou ser unha fraude para un profesorado que tiña expectativas de que a negociación salarial servise

para recuperar o que nos foi arrebatado na última década e que finalmente foi un auténtico xarro de auga fría. As subas salariais pactadas no presente ano 2018 (un 1,5% de momento da masa salarial) e unha irrisoria contía de 15€ brutos a partir da paga de outubro son inferiores á suba do IPC que se dispara ao 2,3% interanual nestes momentos. Mais o peor de todo é que o acordo retributivo docente hipoteca calquera mellora das mestras e mestres galegos até 2021. Polo tanto, unha farsa que se disfraza de homologación e que vai implicar que os nosos salarios sigan perdendo poder adquisitivo.

Condicións de traballo.

Horarios

Hai CC.AA. que xa neste curso 2018/19 van recuperar 18 ou 19 períodos lectivos para o profesorado de secundaria. O goberno Feijóo foi o primeiro de todo o Estado en incrementar o horario do persoal docente nada máis chegar ao poder en 2009. Pasamos de 25 a 21 horas en infantil e primaria e de 18 a 20 en secundaria. Non lle fixo falta ningunha normativa estatal. Durante estes anos reduciu docentes con ese incremento horario e empeorou gravemente as nosas condicións de traballo.

Durante as negociacións de finais de curso, co apoio das demais organizacións sindicais, **a Consellaría negouse a abrir a negociación da recuperación dos nosos horarios lectivos.**

Agora o Ministerio anula o RDL 14/2012 que fixaba uns mínimos de 20 horas en secundaria e 25 en primaria (e que xa algunha Comunidade obviara negociando unha diminución de carga lectiva) e o cinismo do conselleiro de Educación lévao a dicir que o Ministerio debe transferir fondos para que se poida implantar esa medida. É totalmente falso. Na última Mesa do pasado 3 de setembro a CIG-EnsinO volveu incidir na necesidade de abrir esa negociación e de novo obtivemos un **“non entra nos plans do conselleiro”** por resposta.

A redución de horario lectivo suporía unha mellora relevante nas nosas condicións de traballo, ao ter unha menor carga de docencia directa, menos grupos que atender nalgún caso, mesmo podería levar a unha redución da impartición de afíns, mais ademais das vantaxes individuais tamén hai que contemplar as

colectivas, tanto pedagóxicas, cun maior tempo para coordinacións e traballo en equipo nos centros, como sociais e laborais xa que a redución leva consigo un incremento de postos de traballo que paliaría, cando menos en parte, os efectos das oposicións como a celebrada este ano sobre o persoal interino.

 **Calendario Escolar 2018-19**

2018	SEPTIEMBRE	OCTUBRO	NOVIEMBRE	DECEMBER
	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31
2019	ENERO	FEBRERO	MARZO	ABRIL
	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 174 PENDIENTES DE EXAMINAR UN DÍA
1ª Avaluación: 70, 2ª Avaluación: 44, 3ª Avaluación: 42

A burocracia e a ampliación do calendario laboral

Un dos aspectos que seguirá neste curso sendo motivo de malestar entre o profesorado é a carga burocrática que leva anos xa dificultando o noso labor docente, roubando tempo do verdadeiramente importante para o profesorado (impartición de docencia, titoría, coordinación didáctica...).

Unha carga burocrática que se reduciría se aumentase o persoal administrativo e se evitasen moitas das encomendas non docentes que temos que asumir.

A modificación do calendario escolar neste curso, para introducir os exames extraordinarios de Bacharelato en xullo para acomodar as axendas do ensino secundario ás da universidade, cada vez máis cuestionado, abre o camiño a unha realidade que xa coñecemos polo que está a acontecer no ensino superior, levando na práctica a unha acumulación de tarefas no mes de xullo, o que implica realmente unha **ampliación do noso calendario laboral.**

Seguimos pagando por enfermarse

Levamos meses escoitando, nun exercicio de hipocrísia sindical vergoñento, que xa non nos descontan por estar de baixa. É falso. Houbo quen lle deu un cheque en branco a Montoro e o goberno do PP en Madrid, asinando un acordo no que o mesmo goberno que implantou os descontos ao persoal do sector público por enfermarse diluía a súa responsabilidade, coa compracencia sindical habitual, e trasladaba o problema ás diferentes administracións. 6 meses despois daquel acordo o profesorado galego segue a ter descontos salariais nos 20 primeiros días de baixa médica.

Rateos elevadas. Aulas pechadas

Un sinal de continuidade no curso que comeza é que seguirán existindo aulas por riba das rateos oficiais previas ao RDL 14/2012 imposto polo goberno de Rajoy. A norma do PP permitía incrementar até un 20% as ratios máximas. A medida serviulle ao goberno de Feijóo para evitar desdobres de aulas en infantil e primaria. A día de hoxe esta medida xa non ten amparo legal mais a Xunta mantén ese criterio en centros aos que lles nega o incremento de docentes.

Pola contra mantense, como nestes últimos anos, un constante peche de aulas coa conseguinte redución de profesorado. Neste verán pecháronse 74 aulas de infantil e primaria en todo o país, con especial impacto no medio rural.

A atención á diversidade, insuficiente.

Un dos escasos movementos da Consellaría neste inicio de curso é a transformación de 135 prazas

de PT e AL provisionais en definitivas. O cambio non representa ningún incremento neto de persoal e responde moi insuficientemente á campaña realizada pola CIG-Ensino no curso pasado no que denunciámos que centos de praza de mestras de apoio educativo viñan repetíndose curso tras curso con cambio de docentes, sen garantir a continuidade profesional necesaria para docentes e, sobre todo, alumnado.

A medida adoptada pola Xunta é boa mostra da política restritiva en materia educativa deste goberno. **Consolidan como fixos 135 novos postos mais dánlle carácter itinerante**, co que vai



provocar que este profesorado poida ter que atender varios centros, o que implica peores condicións de traballo e menor tempo para atender ao alumnado. A CIG-Ensino demanda que estes postos se transformen en fixos sen compartición de centro.

Persoal interino ao paro 172 mestres e mestras que no curso 2017/18 tiveron nomeamento durante todo o curso escolar como interinas pasarán a facer substitucións no curso que agora comeza e outras tantas persoas que foron encadeando contratos verán reducidos os chamamentos. As cifras nos **corpos de secundaria** apuntan a que **256 persoas**

se atoparían nunha situación semellante, o que implica que a porcentaxe de persoas que perderían o posto de traballo ou empeorarían as súas condicións roldaría o **11% en total** nos corpos de Mestres/as, Secundaria, FP e ensinanza de réxime especial.

Un sistema de acceso como o actual, que o novo goberno do PSOE tampouco está disposto a modificar no sentido que a CIG-ENSINO vén demandando (**acceso diferenciando** previo cambio da lexislación básica que o impide actualmente) invita a pensar en que os próximos anos poderanse producir un incremento destes despidos se non se buscan solucións para aquelas persoas interinas cunha longa experiencia profesional ou cunha avanzada idade.

Un estudo realizado pola CIG-Ensino a partir dos datos públicos de todos os tribunais tira unhas conclusións rotundas:

- **O 36% das persoas que aprobaron as oposicións** nunca traballaran para a Consellaría de Educación
- **Dous terzos das persoas aprobadas** teñen un máximo de 2 anos como persoal interino.
- A porcentaxe de docentes **interinos con máis de 5 anos de experiencia** que aprobaron as oposicións é do 18%.
- No caso daquelas **persoas cunha longa experiencia profesional (superior a 10 anos)** a porcentaxe de aprobados limitase ao 5% (79 persoas en total en todos os corpos).

É obvio que **a inexistencia dun acordo de estabilidade para o persoal interino** en risco de perder o seu posto de traballo,



xunto coa **necesaria oferta de oposicións polas elevadas cifras de xubilacións e un sistema que obvia a fase de concurso** e provoca a competencia entre as persoas con méritos na docencia con aquelas outras que non teñen experiencia previa é un escenario que pode provocar nos próximos anos que se incrementen os despidos do persoal interino.

Oposición sen fase de concurso

Estamos ás portas de saber que fará a Xunta coa oferta de emprego do ano 2019, rodeados do hermetismo e a falta de transparencia habituais neste goberno.

Preocúpanos, ademais do propio sistema de acceso e a negativa da Xunta e os socios sindicais habituais a abrir a negociación dunha mellora substancial do acordo de persoal interino para introducir un pacto pola estabilidade, que nin sequera se cumpra co concurso oposición tal e como está regulado na normativa actual.



Un **16% das prazas sen cubrir nas oposicións do 2018**, a farsa de **inflar as cifras das prazas ofertadas co engano da promoción interna**, na que **un 92% das prazas non se cubriron e a ausencia de concurso**, especialmente no caso das especialidades de secundaria e de FP, levaranos de novo a demandar da Xunta unha negociación real sobre as oposicións do 2019, incidindo naqueles aspectos que son responsabilidade exclusiva da Consellaría: **reducir o número de aspirantes por tribunal, delegar a baremación nunha comisión técnica e garantir ao máximo posíbel o anonimato das probas e a mellora na súa realización**, dotando os

tribunais, que deben **por sorteo**, incluída a presidencia, do **tempo suficiente** para que poidan examinar en mellores condicións ás e os opositores.

Reducir a provisionalidade e maior transparencia

Un elemento central do presente curso será comprobar os efectos do cambio de criterio da Consellaría, ao ter aceptado na última Mesa a proposta da CIG-Ensino de negociar en profundidade a oferta de prazas para reducir o máximo posíbel a provisionalidade e dotar de estabilidade os equipos docentes dos centros de todas as etapas e niveis educativos.

A elevada provisionalidade, especialmente en secundaria e FP, leva a que centos de docentes leven anos sen poder acadar un destino definitivo mentres observamos como curso tras curso se repiten moitas prazas provisionais que despois non se incorporan ao concurso de traslados.

Un obxectivo da CIG-Ensino para este curso será que se produza un incremento moi elevado de prazas e que consigamos que **a provisionalidade se limite a un máximo de 2 anos unha vez aprobadas as oposicións**.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal